



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 2388/2021

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Reserva 2022 - 2023

Categoría: Monitor/a de ocio e tempo libre (Programa Concilia)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023, para a cobertura de dous (2) postos de traballo na categoría profesional de "monitor/a ocio e tempo libre (Programa Concilia)", cando as necesidades do servizo así o requiran, segundo establece o artigo 10 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023.
2. Con data 29.12.2021 o Tribunal cualificador estende acta definitiva que eleva ao órgano competente coa proposta de contratación para a categoría referida.
3. Con data 29.12.2021, esta Alcaldía dita Resolución aprobando as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador na dita categoría, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
4. Con data 29.12.2021, o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento das persoas que integran a lista de aspirantes recollida na Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0862 de data 29.12.2021.
Deixando constancia de que a contratación temporal non poderá superar, en ningún caso, a vixencia da Bolsa de emprego (artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2023.
A contratación levarase a cabo a través dun contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo, coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410) cando sexa o caso, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.
5. A Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0862 de data 29.12.2021, establece o que copiado literalmente di:
"Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISC AP.	EXPERIEN CIA PROFESI ONAL	FORMAC IÓN	PROBA DE COÑECEMENTOS		COÑECEM ENTO LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
							Test	Suposto práctico		
1	Gómez Fernández Tania	6899	Si	-	5,00	2,00	4,20	5,00	1,00	17,20
2	Pérez Ulfe Carmen Sofía	1861	Si	-	5,00	2,00	4,20	5,00	1,00	17,20
3	Iglesias Fernández Amparo	2422	Si	-	4,90	1,40	3,60	6,00	1,00	16,90
4	Formoso Iglesias Natalia	9326	Si	-	0,44	2,00	3,60	5,00	1,00	12,04
5	Añel Pato M ^a José	5118	Si	-	2,40	0,50	3,60	4,00	1,00	11,50
6	Pérez Formoso Pilar	4772	Si	-	0,90	0,90	3,00	5,00	1,00	10,80
7	Gómez Sánchez Sonia	9365	Si	-	1,60	0,80	4,20	3,00	1,00	10,60
8	González Areas Marta	7710	Si	-	0,00	2,00	3,60	5,00	0,00	10,60
9	Bautista Calvo Alba	9730	Si	-	0,94	1,20	3,00	4,00	1,00	10,14
10	González Seoane M ^a Tania	9297	Si	-	0,70	0,90	3,00	4,00	1,00	9,60
11	Aparicio Mateos Alba	8064	Si	-	0,24	1,30	3,00	4,00	1,00	9,54
12	González Carrete M ^a Cristina	3122	Si	-	0,01	1,90	3,00	4,00	0,50	9,41
13	Gómez Cid Ainoha	9503	Si	-	0,00	1,70	3,00	3,00	1,00	8,70
14	Pombar Gómez Martín	6105	Si	-	0,00	1,10	3,60	3,00	1,00	8,70
15	Ojea Bouzas José Manuel	9083	Si	-	0,00	0,00	3,60	4,00	1,00	8,60
16	Pérez Fernández Ánxela	14545	Si	-	0,00	0,70	3,60	3,00	1,00	8,30
17	Fernández Pérez Carla	3174	Si	-	0,02	0,50	3,60	3,00	1,00	8,12
18	Iglesias Pato Elena	9461	Si	-	0,00	0,00	3,00	3,00	1,00	7,00

Visto a tramitación do expediente e o Informe emitido polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir dous (2) postos de traballo na categoría de "monitor/a de ocio e tempo libre (Programa Concilia)", mediante o chamamento de aspirantes ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación dos/as seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador para os postos de traballo de "monitor/a ocio e tempo libre (Programa Concilia)" e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0862 de data 29.12.2021 por orde de puntuación:

- Tania Gómez Fernández, con DNI núm. 6899
- Carmen Sofía Pérez Ulfe, con DNI núm. 1861.

Segundo.- Contratar aos/ás anteditos/as aspirantes con data de inicio do contrato 01 de xaneiro de 2022, indicando que as ditas contratacións temporais terán por obxecto cubrir as novas incorporacións de usuarios/as no servizo e o mantemento dunha adecuada atención aos menores.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Terceiro.- Determinar que a data límite destas contratacións, en ningún caso, poderán superar a vixencia da Bolsa de Reserva (artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2023.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, grupo IV, en réxime de dedicación a tempo completo, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Quinto.- O custo salarial de dous/as (2) monitor/a ocio e tempo libre (Programa Concilia), con contrato de obra ou servizos determinado, afectaría á aplicación orzamentaria 326.131.07 (Programa de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo) da área / departamento: (32) educación, nas contías mensuais seguintes (parte proporcional das pagas extras incluída na retribución mensual):

CATEGORIA	Monitor/a ocio e tempo libre (Programa Concilia)
Nº traballadores	2
Tipo de contrato	Contrato de traballo por Obra ou servizo determinado
Xornada	100.00%
CNAE-Ocupación	8411
Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)	1 322 40 €
S.S. Empresa /Mes	433 09 €
TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR	1 755 49 €
CUSTE TOTAL MENSUAL	3 510 98 €

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 0,90 % sobre as retribucións do ano 2020, aprobado pola Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (BOE núm. 341 do xoves 31 de decembro de 2020).

Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023 (artigo 15):



	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISC AP.	EXPERIEN CIA PROFESI ONAL	FORMAC IÓN	PROBA DE COÑECEMENTOS		COÑECEM ENTO LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
							Test	Suposto práctico		
1	Iglesias Fernández Amparo	2422	Si	-	4,90	1,40	3,60	6,00	1,00	16,90
2	Formoso Iglesias Natalia	9326	Si	-	0,44	2,00	3,60	5,00	1,00	12,04
3	Añel Pato Mª José	5118	Si	-	2,40	0,50	3,60	4,00	1,00	11,50
4	Pérez Formoso Pilar	4772	Si	-	0,90	0,90	3,00	5,00	1,00	10,80
5	Gómez Sánchez Sonia	9365	Si	-	1,60	0,80	4,20	3,00	1,00	10,60
6	González Areas Marta	7710	Si	-	0,00	2,00	3,60	5,00	0,00	10,60
7	Bautista Calvo Alba	9730	Si	-	0,94	1,20	3,00	4,00	1,00	10,14
8	González Seoane Mª Tania	9297	Si	-	0,70	0,90	3,00	4,00	1,00	9,60
9	Aparicio Mateos Alba	8064	Si	-	0,24	1,30	3,00	4,00	1,00	9,54
10	González Carrete Mª Cristina	3122	Si	-	0,01	1,90	3,00	4,00	0,50	9,41
11	Gómez Cid Ainoha	9503	Si	-	0,00	1,70	3,00	3,00	1,00	8,70
12	Pombar Gómez Martín	6105	Si	-	0,00	1,10	3,60	3,00	1,00	8,70
13	Ojea Bouzas José Manuel	9083	Si	-	0,00	0,00	3,60	4,00	1,00	8,60
14	Pérez Fernández Ánxela	4545	Si	-	0,00	0,70	3,60	3,00	1,00	8,30
15	Fernández Pérez Carla	3174	Si	-	0,02	0,50	3,60	3,00	1,00	8,12
16	Iglesias Pato Elena	9461	Si	-	0,00	0,00	3,00	3,00	1,00	7,00

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Noveno.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

